

III EDICIÓN DOS PREMIOS EXPOCIENCIA-UDC DE DIVULGACIÓN CIENTÍFICA

Xénero: Divulgación Científica

Aberto a estudantes de graos e mestrados da Universidade da Coruña

Entidade convocante: Universidade da Coruña

BASES

Convocatoria

A Universidade da Coruña, en colaboración coa Excm. Deputación Provincial da Coruña, coa finalidade de promover a comunicación científica entre o estudiantado universitario da UDC, convocan a III edición dos premios EXPOCIENCIA-UDC.

Definición e obxecto do concurso

1. O concurso ten como obxectivo fomentar a participación dos estudantes de graos e mestrados no ámbito da ciencia e a investigación mediante a elaboración de traballos en dúas modalidades: (i) pósteres innovadores que respondan a preguntas de ciencia básica e aplicada, e (ii) fotografía científica. A temática deberá estar relacionada cos ámbitos das ciencias, ciencias da saúde e enxeñaría e arquitectura.

Requisitos das persoas participantes

2. EXPOCIENCIA está aberta aos estudantes de graos e mestrados da Universidade da Coruña, que poden presentar os seus traballos individualmente ou en equipo, cun máximo de tres sinaturas. Os textos poderán estar escritos en galego ou castelán.

Criterios para conceder os premios

3. Cada autor/a soamente poderá presentar unha obra que deberá ser orixinal e inédita. Valorarase a creatividade, orixinalidade, interese científico e a linguaxe utilizada. Os textos non deberán conter ningún tipo de expresión non respectuosa.
4. Os autores terán que ser propietarios dos dereitos do texto e das imaxes para evitar posibles reclamacións de terceiros.



Premios

5. Establécense tres premios por cada modalidade:

Primeiro premio: 300 euros

Segundo premio: 200 euros

Terceiro premio: 100 euros

O financiamento farase con cargo á partida orzamentaria 0300030007.422D.48002. A dotación total para o premio é de **1.200 €**, que se aboará mediante cheque bancario a nome do interesado.

6. Os gañadores e finalistas autorízanlle á UDC os dereitos de reprodución e divulgación pública, facendo constar en todo momento o nome dos autores. As exposicións da III edición dos premios EXPOCIENCIA-UDC desenvolveranse ao longo do mes de decembro.

Xurado

7. O xurado estará constituído polo presidente da Excm. Deputación Provincial da Coruña ou persoa en quen delegue e por profesores e investigadores da UDC, profesionais dos museos científicos coruñeses e periodistas científicos. Actuará de secretaria a profesora Araceli Serantes Pazos. A resolución do xurado é inapelable, e os premios poderán ser declarados desertos, pero non *ex aequo*.

O xurado da III edición dos premios Expociencia-UDC está formado polos seguintes membros:

Presidente:

- Excmo. Sr. Presidente da Excm. Deputación Provincial da Coruña ou persoa en quen delegue.

Vogais:

- Prof. Manuel Francisco Herrador Barrios
- Prof. José Rodrigo Sanjurjo Amado
- Dña. María José Ares Sanmartín

Secretaria:

- Prof. Araceli Serantes Pazos

A resolución do xurado é inapelable e os premios poderán ser declarados desertos, mais non *ex aequo*.

Limitacións

8. Neste concurso non poderán participar os familiares dos membros do xurado.

Presentación das solicitudes

9. As solicitudes, segundo o modelo do anexo I, xunto cos traballos deberán presentarse nos rexistros desta universidade, dirixidas á Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria, nas seguintes localizacións:



- a) Rexistro Xeral: Reitoría, rúa da Maestranza 9, baixo, 15001 A Coruña.
- b) Rexistro Auxiliar: Campus A Zapateira - Facultade de Ciencias, baixo, 15071 A Coruña.
- c) Rexistro Auxiliar de Ferrol: Edificio de Apoio ao Estudo, baixo, 15403 Ferrol.

10. Os traballos presentaranse nos seguintes soportes:

Pósteres innovadores: deberanse presentar en formatos ppt, odp ou pdf. O póster deberá incluír: título, autor/es, texto (máximo 1200 caracteres con espazos), imaxes, debuxos, táboas, gráficos, etc., e a autoría/fonte das imaxes empregadas. O contido do póster deberá ser maquetado para un tamaño de impresión din A4 en tipo e tamaño de letra Arial 15.

Fotografías: cada participante poderá presentar tres fotografías. O arquivo deberase enviar en formato TIFF, JPEG, PNG ou similar a 300 ppp (dpi). Ningún arquivo poderá superar os 1.5 MB. Cada fotografía deberá ir acompañada dun relato ou microrrelato de non máis de 400 palabras.

A impresión dos traballos correrá a cargo da Universidade da Coruña.

- 11. As obras presentaranse nun sobre cerrado que conterá o traballo en soporte CD ou DVD (identificados co letra de imprenta na que conste o título da obra e o nome do autor/es) que inclúa: (i) a obra (póster ou fotografías) máis o documento en pdf explicativo da obra, e (ii) un documento cos datos persoais do/a autor/a (nome e apelidos, fotocopia do DNI, nome e enderezo do centro onde cursa os seus estudos, teléfono de contacto e correo electrónico), así como unha breve presentación do/a autor/a. No anverso do sobre especificarase o nome do premio a que se opta e o título do traballo.
- 12. O prazo de presentación das solicitudes acompañadas dos traballos comeza coa publicación destas bases na Sede Electrónica e finaliza o día **23 de novembro de 2018 ás 14.00 horas**. Os nomes dos gañadores e finalistas publicaranse na páxina web da UDC.
- 13. As obras non finalistas devolveránselles aos/ás autores/as que o soliciten, tras a resolución do xurado, ao enderezo que conste na solicitude.
- 14. A participación nesta convocatoria implica a aceptación íntegra das bases. Calquera eventualidade non prevista nestas bases será resolta polo xurado.

A Coruña, 2 de novembro de 2018

A vicerreitora de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria

Margarita Amor López



UNIVERSIDADE DA CORUÑA
UNIDADE DE DIVULGACIÓN CIENTÍFICA E
CULTURAL



Deputación
DA CORUÑA

ANEXO I

III EDICIÓN DOS PREMIOS EXPOCIENCIA-UDC DE DIVULGACIÓN CIENTÍFICA

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

D.N.I. nº: _____

NOME E APELIDOS: _____

ENDEREZO: _____

CORREO ELECTRÓNICO: _____

POBOACIÓN: _____ CÓDIGO POSTAL: _____

TELÉFONO: _____

CENTRO ONDE ESTÁ MATRICULADO: _____

TITULACIÓN: _____

A CORUÑA/FERROL, _____ DE _____ DE 2018

ASDO.:

DOCUMENTACIÓN QUE DEBE ACHEGARSE A SOLICITUDE

- ☐ Sobre cerrado que conterá un CD ou DVD co traballo e demais documentos que se especifican na convocatoria. No anverso do sobre deberá especificarse o nome do premio a que se opta e o título do traballo.

**VICERREITORÍA DE ESTUDANTES, PARTICIPACIÓN E
EXTENSIÓN UNIVERSITARIA**